

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CORISTANCO

Aprobación de padróns fiscais de taxa do lixo comercial e taxa do lixo vivenda para o exercicio 2024

ANUNCIO

En data 07/03/2024 asinouse o Decreto nº 194/2024 derivado do Expediente con nº 2024/G003/000096 de Aprobación inicial dos Padróns fiscais da taxa do lixo comercial e da taxa do lixo vivenda para o exercicio 2024 co seguinte contido:

“En atención ao padróns elaborados e correspondentes coa taxa de Lixo comercial 2024 e Lixo vivenda 2024, cos seguintes importes:

| TAXA | IMPORTE PADRÓN | SUXEITOS PASIVOS |
|---------------------|------------------|------------------|
| Lixo comercial 2024 | 17.046,88 euros | 110 |
| Lixo vivendas 2024 | 163.365,98 euros | 2.566 |

Visto o informe emitido pola Intervención deste Concello sobre os aspectos legais e procedimentais do asunto.

Vistas as miñas facultades atribuídas en virtude do disposto na Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 39/2015, de 1 de outubro, sobre procedemento administrativo das administracións públicas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar os padróns municipais correspondentes ao exercicio 2024 segundo o seguinte desglose:

| TAXA | IMPORTE PADRÓN | SUXEITOS PASIVOS |
|---------------------|------------------|------------------|
| Lixo comercial 2024 | 17.046,88 euros | 110 |
| Lixo vivendas 2024 | 163.365,98 euros | 2.566 |

Segundo.- Expoñer ao público o presente acordo e todos os datos incorporados ao padrón que se aproba, por un período de quince días, no BOP e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta publicación, por tratarse de tributos de cobro periódico por recibo servirá de notificación colectiva a todo os contribuíntes, nos temos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Terceiro.- O período de cobro do presente padrón en período voluntario será o que se determine por parte da Deputación Provincial da Coruña en atención ao calendario fiscal aprobado a este efecto.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao Servizo de Xestión e Recadación da Deputación Provincial da Coruña para que proceda a xestionar o seu cobro e dar conta do mesmo aos servizos económicos do Concello para a súa constancia e efectos.”

Aos efectos de dar cumprimento ao acordado e en atención á regulación vixente aplicable ao caso, remítese este anuncio para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Coristanco, 7 de marzo de 2024.

O alcalde,

D. Juan Carlos García Pose